



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil , alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria interventora de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Contratación como persoal laboral temporal Técnico/a de Igualdade de Xénero/ Axente de Igualdade de Xénero en réxime de persoal laboral temporal ao abeiro do programa FOAI/2026)

Expte. TEDEC:2026/E001/000002 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2026/G003/000467 (Contratación laboral).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que en data 17/06/2026 se ditou Providencia da Alcaldía para o inicio do expediente para a contratación laboral temporal dunha persoa para o posto de Técnico/a de Igualdade de Xénero/Axente de Igualdade de Xénero, en réxime de persoal laboral temporal ao abeiro do programa FOAI/2026, ao abeiro do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, como persoal laboral temporal a xornada completa e cunha duración prevista ata o 31/12/2026.

Visto o réxime de contratación laboral temporal previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e o obxecto da subvención, a modalidade de contratación será de Contrato temporal, vinculado a Programas de Políticas activas de Emprego (Cód. 405).

En conexión con este precepto débese recoller o disposto na disposición adicional décimo sétima do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, adicada ás medidas dirixidas ó control da temporalidade no emprego público. Así, as Administracións Públicas serán responsables do cumprimento das previsións contidas na presente norma e, en especial, velarán por evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal. Así mesmo, as Administracións Públicas promoverán, nos seus ámbitos respectivos, o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento desta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia na materia de persoal.

A referida disposición adicional décimo sétima continúa establecendo que as actuacións irregulares na presente materia darán lugar á esixencia das responsabilidades que procedan de conformidade coa normativa vixente en cada unha das Administracións Públicas. Así, todo acto, pacto, acordo ou

disposición regulamentaria, así como as medidas que se adopten no seu cumprimento ou desenvolvemento, cuxo contido directa ou indirectamente supoña o incumprimento por parte da Administración dos prazos máximos de permanencia como persoal temporal será nulo de pleno dereito.

Visto que existe causa motivada de necesidade segundo informe obrante no expediente, derivada da necesidade de cubrir o posto vacante como consecuencia da renuncia da persoa inicialmente contratada.

Vistas as causas alegadas no devandito informe: O Concello da Baña, actualmente, non conta con persoal técnico de igualdade de xénero, polo que a creación desta bolsa é o mecanismo necesario para: cumprir coa Base 2.1.3, da subvención que regula o procedemento FOAI/2026 que esixe que o persoal estea prestando servizos ou estea prevista a súa contratación no período subvencionado.

Visto que a persoa inicialmente contratada para ocupar o citado posto, Dona Xiomara Erlinda Lazo Fuentes, con DNI ***5643**, presentou, con posterioridade ao inicio da prestación de servizos, a súa renuncia ao posto, quedando este vacante e sendo necesario proceder a un novo chamamento da persoa que corresponda segundo a orde de prelación da bolsa, co obxecto de cubrir o posto e garantir a continuidade do servizo.

Visto que a orde de prelación da Bolsa de Emprego Municipal, aprobada por Resolución de Alcaldía nº 362/2026, de data 17 de xuño de 2026, é a seguinte:

1. LAZO FUENTES, XIOMARA ERLINDA, D.N.I. ***5643**, 76,55 puntos.
2. PÉREZ DÁVILA, AMARA, D.N.I. ***1705**, 65,25 puntos.
3. GARCÍA GONZÁLEZ, GABRIEL TERESA, D.N.I. ***6526**, 60,40 puntos.
4. BOQUETE VILA, LORENA, D.N.I. ***5937**, 57,45 puntos.
5. LOBATO RODRÍGUEZ, BELÉN, D.N.I. ***5619**, 56,50 puntos.
6. PAIS PAIS, MARÍA MARTINA, D.N.I. ***1205**, 49,00 puntos.
7. CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA, D.N.I. ***7455**, 47,75 puntos.
8. CASTRO TRILLO, LORENA, D.N.I. ***3661**, 47,25 puntos.
9. SABORIDO MALVAR, CAROLINA, D.N.I. ***3496**, 46,00 puntos.
10. LAREO NEIRA, GLORIA, D.N.I. ***0777**, 45,75 puntos.

Visto que, de conformidade coa orde de prelación establecida na bolsa e co previsto nas bases reguladoras do proceso selectivo, publicadas no BOP nº 61, de data 1 de abril de 2026, procedeuse ao chamamento sucesivo das persoas integrantes da bolsa, quedando constancia dos contactos realizados e dos seus respectivos resultados no informe obrante no expediente, do que se transcribe parcialmente a continuación:

- Nº 1. Dona Xiomara Erlinda Lazo Fuentes: consta a súa renuncia ao posto que viña desempeñando, polo que non procede a súa incorporación ao novo chamamento.
- Nº 2. Dona Amara Pérez Dávila: RENUNCIA ao posto ofertado.
- Nº 3. Dona Gabriel Teresa García González: RENUNCIA ao posto ofertado.
- Nº 4. Dona Lorena Boquete Vila: RENUNCIA ao posto ofertado.
- Nº 5. Dona Belén Lobato Rodríguez: RENUNCIA ao posto ofertado.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Nº 6. Dona María Martina Pais Pais: RENUNCIA ao posto ofertado.
- Nº 7. Dona Ana María Cabaleiro García: RENUNCIA ao posto ofertado.
- Nº 8. Dona Lorena Castro Trillo: RENUNCIA ao posto ofertado.
- Nº 9. Dona Carolina Saborido Malvar: RENUNCIA ao posto ofertado.
- Nº 10. Dona Gloria Lareo Neira: ACEPTA o posto de traballo ofertado, manifestando a súa dispoñibilidade para a incorporación e o seu compromiso de presentar a documentación necesaria para a formalización do correspondente contrato laboral temporal."

Visto que, como resultado dos chamamentos efectuados e ao terse producido a renuncia das persoas que a preceden na orde de prelación, corresponde a Dona Gloria Lareo Neira a cobertura do posto ofertado, ao ser a primeira persoa da bolsa que acepta o chamamento.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 5/2015 (TREBEP): Artigo 11, que define ao persoal laboral.
- Artigo 15 do Estatuto dos Traballadores: Na súa redacción dada pola Reforma Laboral (RD-lei 32/2021).
- Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local (LBRL): Artigo 21.1.g), que atribúe ao Alcalde a competencia para o nomeamento e contratación de persoal.
- Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia: Artigos 19 e 24.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

PRIMEIRO. Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 410/2023, de data 19 de xullo de 2023, na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. . Contratar baixo a modalidade de Contrato Temporal vinculado a Programas de Políticas Activas de Emprego como Técnico/a de Igualdade de Xénero/Axente de Igualdade de Xénero do Concello da Baña a Dona Gloria Lareo Neira, con DNI ***0777** para cubrir o posto vacante como consecuencia da renuncia da persoa inicialmente contratada, Dona Xiomara Erlinda Lazo Fuentes, por ser a aspirante que corresponde segundo a orde de prelación da bolsa de emprego e ter aceptado o novo chamamento, como persoal laboral temporal a xornada completa, dende o día 22/09/2026 ata o 31/12/2026.

As condicións de contratación para a traballadora con xornada a tempo completo serían os que se recollen a continuación:

- Categoría profesional : Grupo I Nivel II
- Grupo de cotización 2
- Convenio colectivo de aplicación: Convenio Oficinas e despachos da Coruña , mentres non se conte cun convenio laboral propio do Concello da Baña
- CNO.: 2825
- Retribucións:
 - S. Base: 1.686,89€
 - Prorrata Pagas: 281,15€
 - Total Bruto: 1.968,04€
- Modalidade de contrato: (Cód. 405) Contrato Temporal vinculado a Programas de Políticas activas de Emprego

TERCEIRO. Dar traslado desta resolución á Secretaría – Intervención e ao Departamento de Persoal e Contabilidade.

CUARTO. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación Municipal.

QUINTO. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderán interpor contra esta resolución recurso contencioso – administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Mándao e asíno o señor Alcalde e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria Interventora, Paula Martís Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.